

DOCE ESTILO NOVO

“Vós que o estilo mudastes que prouguera/ nas agradables expresións do amor/ desde a forma de ser en que antes era/ pra avantaxardes todo trobador, // fixestes como a luz que ben puidera/ deitar nun sitio escuro algún fulgor”, así recoñece Bonagiunta os cambios substanciais que Guido Guinizzelli aportou á literatura italiana do século XIII e que o converten no iniciador do Doce Estilo Novo. No seu ronsel apareceron voces como as de Dino Frescobaldi, Gianni Alfani, Guittone d’Arezzo, Lapo Gianni ou Dante Alighieri, que será o máximo representante desta corrente e tamén o seu primeiro teórico. O Doce Estilo Novo segue en parte as innovacións que trouxera á literatura medieval a Escola Siciliana como o feito de concibir o texto para a lectura privada -algo moi novidoso por entón- e culmina, asemade, os cambios no tratamento literario da muller até consolidar esa imaxe celestial, de anxo (*“No voso rostro anxélico amoroso/ vin os ollos belidos e a luz preta/ que no canto de seta/ meteu nos meus o esprito agarimoso”*, escribe Lapo Gianni) que leva a Guittone d’Arezzo a afirmar que *“unha dona (...) é superior/ a canto ver poidamos ou tocar”*. Mais, entre as aportacións orixinais desta corrente literaria figuran a de liquidar definitivamente a linguaxe feudal occitana, a aplicación de certos conceptos filosóficos ao tema amoroso -que transforman a vivencia histórica do amor facendo que trascenda dunha mera experiencia persoal até facerse universalmente recoñecible- e a busca da profundidade de análise psicolóxica. Con todo, e malia seguiren a métrica tradicional - neste sentido Petrarca será quen supere definitivamente o Doce Estilo Novo-, aportaron unha grande vitalidade á lírica grazas á diferenza de ópticas que cada autor experimentou e que agora podemos disfrutar compendiadas no volume *Antoloxía do Doce Estilo Novo* onde Darío Xohán Cabana escolma e traduce a sete voces da Escola Siciliana e dezasete da Sículo-toscana. Trátase esta dunha antoloxía que recoñece a importancia dos autores en función do número de poemas que aportan ao volume e que se enriquece cunha nota biobibliográfica e unha introdución necesarias para apreixar na súa totalidade a importancia destas voces. Nos textos, pódense observar os temas comúns aos poetas do Doce Estilo Novo como o eloxio da dama, a coita por amor, a vinganza polos sentimentos contrariados, a dor da perda e a petición da morte como alivio para os males de quen sofre saudades da súa señor. Trátase, polo tanto, de expor, a través de múltiples ópticas, esa vivencia universal que é o amor, o sentimento lírico por excelencia para a poesía cortés no medievo e que, como dixo Dante, é a forza que *“move o ceo e as estrelas”*.

TERESA SEARA